

O concello de Ribas de Sil considerou conveniente adopta-lo seu escudo heráldico e maila súa bandeira para perpetuar con simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica, os feitos máis relevantes do seu pasado histórico. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións vixentes, elevou o correspondente informe e memoria descritiva para a súa aprobación definitiva.

A competencia exclusiva en materia de adopción, modificación ou rehabilitación dos emblemas heráldicos e bandeiras dos concellos e doutras entidades locais, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto polo artigo 27.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

O expediente instruíuse conforme as normas do procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, e mais no Decreto 258/1992, do 10 de setembro, da Xunta de Galicia, polo que se regula o procedemento e normas heráldicas para adopción, modificación ou rehabilitación dos escudos e bandeiras das corporacións locais e doutras entidades locais.

Na súa virtude, visto o informe emitido pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, e por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de setembro de mil novecentos noventa e seis,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro.-Aproba-lo escudo heráldico do Concello de Ribas de Sil, que quedará organizado do seguinte xeito: de azur (azul), e sobre ondas de prata (branco) e azur, unha cepa de ouro (amarelo) acompañada no cantón destro do xefe dunha cruz patada de prata. Ó timbre, coroa real pechada.

Artigo segundo.-Aproba-la bandeira do Concello de Ribas de Sil, que quedará organizada do seguinte xeito: sobre pano azul, a cruz patada de branco disposta no centro e cantonda de catro follas de vide de amarelo.